

Os Seres Luminosos

Miguel Anxo MURADO

Cando se declarou a epidemia de cólera desde a costa do Camerún ata o norte de Río Muni, a pequena Laura foi a primeira da casa en enfermarse. Estaba xogando a prender lume coa lupa do seu avó, mirando fascinada como as lapas consumían un papeliño amarelecido, cando se viu de pronto no chan, sen forzas e coa fronte ardéndolle.

A plantación de vainilla onde Laura vivía cos pais estaba moi dentro do país, río arriba, lonxe de Bata. Para chegar ata aló hai que remontar o Campo —os nativos chámalo Etuembe—, que talla tres veces a fronteira, e vai deixando no seu percorrido pequenas illas inzadas de monos. O médico que adoitaba visitar esa zona era un doutor inglés do Hospital presbiteriano de Río Benito, máis ó Sur. Ó comezar a epidemia, pasara a fronteira cara á colonia británica do Camerún e non se contaba con que volvесе á parte española ata pasadas dúas ou tres semanas. Así que a nai de Laura fixo que a trasladasen ó cuarto máis alto e ventilado da casa, e dispúxose a facer por salvala mentres que o pai, moito máis escéptico, mandou buscar o sacerdote do poboado veciño, onde eran case todos cristiáns pamúes —os que na súa propia lingua se chaman a si mesmos *fang*—. O sacerdote, un claretiano navarro, chegou esa mesma noite e administroulle a Extrema Unción á pequena. Logo, Laura, co frescor do aceite sagrado nos brazos, foi notando como a febre lle ía subindo rapidamente ata varrerlle a vista. A suor inundoulle o corpo e, por fin, quedou sen acordo. Atordada e desnortada entre as gasas do mosquiteiro, foise afundindo nun lugar caloroso e húmido que ben podía ser a selva, a boca dun grande animal ou a mesma morte.

Durante o seu longo delirio de días, Laura imaxinou que percorría as estancias da casa e a plantación, as proximidades do río onde ía xogar, a estrema da selva; sen atopar ninguén. Só escoitaba os tambores dunha festa ó lonxe e o asubío do vapor dos venres. Máis tarde, acordou e encontrouse afundida entre os almofadóns, deshidratada, e cunha sensación de soidade tan

intensa que se botou a chorar. Estaba segura de que a abandonaran.

Unha man branquísima que apartou de golpe as gasas do mosquiteiro sobresaltouna. Era a nai. Sorriu e murmuroulle suavemente ó oído:

—Por fin acordaches. Moito durmiches.

A nai deulle un bico na fronte. Pasando a punta da lingua polos labios, dixo:

—Xa non tes febre.

Un día despois, Laura recuperou o seu vestido e a boneca, e volveu xogar detrás da casa, onde a nai e a avoa cosían á sombra dun toldo. Todos estaban contentos da súa curación. Ela escoitáballes dicir que estivera unha semana enteira entre a vida e a morte.

—Estiveches a nada de ir para o Ceo —díxolle a avoa, mirando fixo para ela; e nesa fixeza da súa mirada houbo algo que asustou á pequena Laura.

A parte dun vago temor, todo parecía seguir igual. O seu pai, preocupado polos cultivos, apuntando minuciosamente cifras nos cadernos da contabilidade. O seu irmán fixérase un arco e flechas e practicaba contra o portalón do almacén. O avó lía coa súa pequena lupa os números da *Ilustración Española y Americana* que lle chegaban con medio ano de atraso. Polas noites, a súa nai viña ó cuarto para contarlle un conto.

—¿Por que hai tanto silencio? —preguntoulle Laura unha noite.

Desde a súa curación, había xa unha semana, estrañáballo o silencio. Era moi raro. Aquela casa, preto da selva e do río, estaba sempre poboada de murmurios.

—Os nativos marcharon. Asustáronse da enfermidade. Pero xa volverán.

Non só os nativos parecían terse asustado, tamén os animais; e o vapor, que ese venres non chegou.

O vapor era un pequeno barco da Gobernación que todas as semanas remontaba as doce millas navegables do río ata a Fervenza de Buia. Levando provisións e o correo ás distintas poboacións, e cargaba o cacao, a vainilla ou o *ñame* dos

prantadores despois das colleitas. Como todos os venres, Laura esperouno no embarcadoiro de madeira, pero esperou para nada. En toda a tarde non compareceu o sucio barco co seu pequeno guinche.

Tampouco asomaron por alí os outros nenos, nin as xentes do poboado que adoitaban ir recibilo. “Será a enfermidade”, pensou Laura.

De regreso á casa, encontrouse co seu avó sentado á sombra da *teka*, lendo na súa revista. O avó fora militar na Península e no norte de África, e agora estaba bastante malo dos pulmóns.

—¿Que les?

Asomóuselle por enriba do ombro e mirou as ilustracións: na páxina había unha grande fotografía dun can dentro dunha casiña de metal.

—Os rusos —explicoulle o avó—. Mandaron un can ás estrelas.

Laura abriu moito os ollos. Un can nas estrelas.

—E alí, ¿que come?

O avó sorriu.

—Non che sei. ¿Quen sabe o que hai nas estrelas? Se cadra, tamén hai ósos.

O resto do día, Laura pensou moito no can que os rusos mandaran ás estrelas. ¿E por que o farían?

Esa noite, deitada riba da cama, despois do conto que lle contou a nai, Laura díxolle:

—É estraño... ¿Sabes o que é estraño?

—Non ¿Que é estraño?

—O avó. Estaba lendo a súa revista nova.

—¿E que ten iso de estraño?

—O barco non veu ¿Como lla puido traer?

—Si, veu o barco —dixo a nai, algo desconcertada—. Coma sempre. Eu... vino.

Laura calou. Era unha mentira. Tamén a mirada do seu avó pareceralle ese día doce, pero houbera algo inesperado nela. E ademais, ¿por que o seu avó non túsia xa? ¿Puxérase bo dos pulmóns?

Á outra noite, tarde, Laura miraba o ceo intentando distinguir a luz da nave do can das estrelas, cando viu ó seu pai a través da ventá, andando por fóra da casa. Non sabía que era o que podía estar facendo fóra tan tarde. Pegou unha man no cristal e o seu pai volveuse e viuna apoiada na ventá. Sorriu.

—¿Queres vir? —díxolle, mirando cara arriba—. Baixa, se queres.

Laura botouse fóra da cama, puxo o calzado de esparto, e baixou correndo, pero intentando non facer ruído.

—¿Onde imos? —preguntou.

O seu pai cheiraba a gasolina.

—Ó secadoiro. Quero ver unha cousa alí.

Camiñaron ata a plantación, preto da casa. Alí

medraba a orquídea da vainilla, nunha enorme extensión branca e verde ata o confin da selva. Cultivala era un traballo duro: primeiro as plantas tiñan que dar froito, e logo madurecer; despois había que secalas e poñelas ó sol durante meses. Ó chegar, o pai de Laura contemplou a súa propiedade con orgullo. Logo, tirou do peto o seu chisqueiro de gasolina e prendeuno. A lapa iluminoulle as caras cunha luz húmida e amarela.

—¿Que vas facer? —preguntoulle, colléndose do seu brazo.

—Vou queimar todo —dixo tranquilamente.

—¿Por que?

—Ben —dixo o pai, con indiferencia—, agora xa non o vou necesitar. Sempre o aborrecín, por outra parte.

Baixou a man á altura das orquídeas, ata que o lume prendeu nelas e logo seguiu prendendo o resto da plantación. Laura non se moveu nin dixo nada, vendo como o seu pai percorría o campo estendendo as lapas. Mirou cara á casa e pareceulle ver un momento á nai na ventá, pero logo pensou que non.

Os últimos rescaldos do lume na plantación apagáronse pola mañá, deixando un ermo ennegrecido e fumegante. Laura estivera véndoa arder ata adormecer.

Espertouna o xeado cariño da nai, frío e suave.

—¿Por que tes as mans tan frías? —preguntoulle esta vez.

Desde que sandara, parecíalle que as mans da súa nai non eran coma antes.

—É a túa febre, fai que che parezan frías.

Laura quixo dicir que xa non tiña febre pero, ó volverse, encontrouse con que a súa nai xa non estaba alí. Desaparecera nun segundo. Asomou á ventá: o seu irmán saltaba á pata coxa entre as cinzas da plantación.

—Pódoche gañar a calquera cousa —berroulle desde abaixo—. A menos que eu che deixe gañar a ti.

Pasaron varios días máis en medio daquela atmosfera silenciosa. Ninguén parecía darlle demasiada importancia ó feito de que o pai incendiara a plantación. Tampouco o outro venres se presentou o vapor nin volveron os nativos. Agás isto, e algunhas outras cousas inusuais, a vida a carón do río continuou o seu curso coma sempre. A impresión que tivera Laura de que a miraban dunha maneira rara pasou, e xa non volveu pensar máis no asunto.

Ata que unha tarde, cando o sol empezaba xa a poñerse, Laura atopou un grupo de pequenos preto do poboado. Por fin, os nativos atrevéranse a volver. Laura foi cara eles; pero, ó vela, os

nenos escapáronlle asustados. Laura seguiu camiñando ata o poboado e viu que, en efecto, os nativos volveran ás cachopas. Chamou por eles e sacudiu a man para saudalos. Logo dun momento de confusión, acocháronse. Laura escoitou unha risa tras de si. Ó volverse recoñeceu a Lázaro, un rapaz *bubi* que noutros tempos traballara na casa

–¿Por que me escapan? –preguntoulle Laura a Lázaro.

Lázaro abriu a boca pensativo, mostrando os seus dentes branquísimos, e respondeu de repente:

–Porque din que es unha nena luminosa.

Os *fang* chaman *seres luminosos* ás pantasma.

–¿E son?

–Eu non creo –contestou Lázaro–. Non creo que ti o sexas. –Pensou un momento e logo engadiu–: Pero a túa familia si que o son. E eu tamén. Ven, *móstroche* algo.

Laura seguiu a Lázaro por un carreiro que conducía ó río. Advertíranlle moitas veces que non se internase nese lugar, pero indo con Lázaro sabía que non tiña que temer. Desde neno, fora criado da casa, desde antes de nacer Laura, cando aínda vivían en Santa Isabel, na illa de Bioko. Fixérase cristián cos *Hijos del Corazón de María* e mesmo dicía que vira a San Xosé e á Virxe na selva. Fora o mozo de confianza do seu pai ata que unha noite afogara no río.

Laura e Lázaro chegaron a un mato desde onde se divisaba o río. Lázaro, que se adiantara, chamouna. Sobre o peito, trouqueleábanlle as medallas de santos.

–Mira, mira que bonito.

Laura achegouse e asomouse. Víase o curso torto do río. Anoitecera xa, e unha intensa luz lunar iluminaba toda a escena coma nunha “bola de neve”. Lázaro sorriu e sinalou co seu dedo un treito onde a auga se arremuiñaba e ceibaba burbullas.

–Aí foi onde afoguei eu –dixo, mirando para ela fixo.

–Xa o sabía –dixo a nena, e saíu correndo sen esperar a Lázaro.

Correu con todas as súas forzas, asustada. Tiña un mal presentimento. Viu de lonxe a casa, e pareceulle que estaba deshabitada. Escoitouse entón a serea do vapor ó lonxe. Laura viu sobrancear por riba das árbores o fiíño de fume negro que se

achegaba lentamente, e seguiu correndo. Non había ninguén no cuberto, non se vía ningún a través das ventás. Entrou na casa, subiu a escaleira. Parecía que marcharan todos.

Sentada no penúltimo chanzo, botouse a chorar. Daquela, a súa nai apareceu ó pé da escaleira.

–¿Que che pasa, bonitiña? –preguntoulle, con voz doce– ¿Por que choras?

–Vin unha pantasma –dixo, salaiando.

A nai insinuou un tranquilo xesto de contrariedade. Esta vez, había nela máis dozura que nunca antes.

–Verás, pequena –empezoulle a explicar a modo–. Cando enfermaches, ¿lémbreste?, todos enfermamos tamén. Matounos a todos o cólera. A todos menos a ti.

□ ¿A ti tamén? –preguntou Laura, secando as bágoas co revés da man para ver mellor.

–Dixen que a todos.

–Enganástesme –queixouse Laura.

–Se quedamos aquí, foi só para coidar de ti, porque es moi pequeniña aínda. Estabas moi enferma e había que estar contigo ata que chegase o barco.

Volveuse escoitar o chíio da sirena, esta vez moito máis preto, e empezouse a notar o case imperceptible cheiro a fume e cisco.

–¿Oíches? Aí está –dixo a nai levantando a man e sinalando co dedo índice un lugar indeterminado–. Agora non tes que ter medo. Eu téñote que deixar.

Esta vez o bico foi máis frío que nunca, un frío xeado en forma de corazón que quedou sobre a fronte de Laura uns segundos. Pero, axiña, Laura empezou a sentir calor e as pingas de suor volvéronlle percorrer a cara, coma cando estivera mala. O seu sabor era ácido e espeso. O sabor da febre.

Así atopouna a expedición enviada en barco desde Campo para controlar a epidemia: soa e gravemente enferma de cólera, consumida, cos ollos acesos.

A Guardia Colonial soterrou as vítimas do brote epidémico, e levou á nena a Bata e de aí a Malabo, onde pasou varias semanas no colexio das relixiosas concepcionistas antes de ser repatriada á Península, á casa que os seus tíos tiñan na Coruña.

